
A FAMILIA SCHUMANN

XOVES 13 NOVIEMBRE 2025

Auditorio de Galicia, 20:30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

CONVERSANDO CON... Baldur Brönnimann
& Leticia Goás

Sala Mozart, 19:45h

HISTORIAS

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA



PROGRAMA

I.

LETICIA GOÁS (1999)

TAU*

**Encarga da RFG (Proxecto Cometas). Estrea*

GABRIELA ORTIZ (1964)

Clara

Clara

Robert

Mi resposta

El inconsciente de Robert

Siempre Clara

II.

ROBERT SCHUMANN (1810-1856)

Sinfonía núm. 3 en Mi bemol maior, Op. 97 "Renana"

Lebhaft

Scherzo: Sehr mässig

Nicht schnell

Feierlich

Lebhaft

Duración aproximada do concerto: 90 minutos (con pausa).

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que

desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico e Sebastian Zinca o seu director asistente desde 2024. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I

James Dahlgren, concertino
Adriana Winkler, axuda de concertino
Ildiko Oltai
Anna Alexandrova
Ilya Fisher
Yulia Petrushevskaya
Victoria Jurov
Michal Ryczel
Marie Esther Cooper ***
Lia Theotonio ***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Helena Sengelow
Kioko Ohashi
Gyula Vadaszi
Irina Gruia
Samira Ajkic
Enrique Roca
Catarina Barbosa ***
Elena Rodríguez *

VIOLAS

Natalia Madison *
Ionela Ciobotaru **
Timur Sadykov
Oxana Bakulina
Josep Ruiz (R)
Inmaculada Muedra ***

VIOLONCELLOS

Millán Abeledo*
Manuel Lorenzo **
Carlos García
Thomas Piel
Fabio Arias
Nicolás Casamayor
Nicolás Concheiro

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Amador del Pozo (R)
Nicolás García ***

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luis Soto **
Carmen Bajo ***

ÓBOES

Esther Viúdez *
Christina Dominik **
Ana Lucía Pérez ***

CLARINETES

Vicente López **
Antonio Martín ***

FAGOTES

Manuel Veiga **
Marcos Varela ***

TROMPAS

Jordi Ortega*
Xavier Ramón*
Millán Molina (R)
Pedro Pintos (R)
Alberto López ***

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llåtser **
André Coutinho ***

TROMBÓNS

Arturo Centelles (R)
Juan Luis Novo (R)
Brais Molina (R)

TIMBAL/PERCUSIÓN

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

M^a Isabel Diego (R)
Lola Olmo ***

BALDUR BRÖNNIMANN

DIRECTOR

Baldur Brönnimann é un director de orquestra de gran flexibilidade e cunha visión aberta para a creación de programas e a práctica musical. Está profundamente comprometido en facer que a música clásica sexa relevante no século XXI e, con este obxectivo, traballa activamente como comisario de novas obras e como curador de festivais e ciclos. É Director Titular e Artístico da Real Filharmonía de Galicia e da Escola de Altos Estudos Musicais, director do programa Contemporary-Conducting na Lucerne Festival Academy e cofundador do Between Mountains Festival en Suíza, unha celebración de 24 horas de música clásica, ambiental, electrónica e contemporánea, que se lanzou en xullo de 2025.

Dirixiu interpretacións de referencia de obras de compositores como Saariaho, Romitelli, Boulez, Vivier, Schnebel, Birtwistle e Zimmermann en festivais como Lucerne, Wien

Modern, Darmstadt, Donaueschingen, Grafenegg, Mostly Mozart no Lincoln Center e nos BBC Proms. É tamén altamente valorado por compositores vivos como Chin, Lachenmann e Neuwirth.

Brönnimann actúa regularmente por toda Europa. Na tempada 25/26 destacan os seus debuts co Antwerp Symphony, Philharmonisches Orchester Freiburg e Musikkollegium Winterthur, así como o seu regreso á WDR Symphony, á Iceland Symphony e á Helsingborg Symphony.

No ámbito operístico, dirixiu *Le Grand Macabre* de Ligeti na English National Opera, na Komische Oper Berlin e no Teatro Colón de Bos Aires, tanto na produción de La Fura dels Baus como na de Barrie Kosky. Tamén levou á escena *The Death of Klinghoffer* de John Adams na English National Opera, *L'amour de loin* de Saariaho no Bergen

Festival e na Opera de Noruega, e *Index of Metals* de Romitelli con Barbara Hannigan no Theater an der Wien. No Teatro Colón tamén dirixiu *Erwartung* de Schoenberg, *Hagith* de Szymanowski, *The Little Match Girl* de Helmut Lachenmann co propio compositor como narrador, así como *Die Soldaten* de Zimmermann. Na tempada 25/26 regresará á English National Opera cunha nova produción de *Angel's Bone* de Du Yun.

En 2023 foi nomeado Director Titular e Director Artístico da Real Filharmonía de Galicia e da Escola de Altos Estudos Musicais en Santiago de Compostela. O enfoque das súas tempadas céntrase no apoio a novos músicos, compositores e directores, no fomento dunha interacción máis próxima coas comunidades locais e na creación de novos formatos de concerto destinados a atraer novos públicos.

Anteriormente foi Director Titular da Basel Sinfonietta (2016–2023), Director Titular da Orquestra Sinfónica do Porto Casa da Música (2014–2020), Director Artístico do BIT20 Ensemble, principal agrupación de música contemporánea de Noruega (2011–2015) e Director Musical da Orquestra Sinfónica Nacional de Colombia en Bogotá (2008–2012).

Nado en Suíza, Brönnimann formouse na City of Basel Music Academy e no Royal Northern College of Music en Manchester, onde posteriormente foi nomeado profesor visitante de dirección orquestral. Actualmente reside en Madrid.

NOTAS AO PROGRAMA

A FAMÍLIA SCHUMANN

Baixo o título *A familia Schumann* a Real Filhamornía relátanos unha nova “historia” musical dentro desta tempada na que nos achegará ao universo do matrimonio conformado polos compositores e pianistas Clara Wieck e Robert Schumann.

O concerto comeza cunha estrea da serie cometas, a obra *TAU* da compositora Leticia Goás (1999). A autora coruñesa iniciouse moi nova na música, estudando piano na súa cidade natal e posteriormente, realizou grao superior de composición no Conservatorio Superior de Castela e León con Iñaki Estrada e na Folkwang Universität der Künste con Günter Steinke. Seguidamente, realizou un mestrado en Composición para cine, teatro e medios audiovisuais cos mestres Niki Reiser e Olav Lervik na Universidade das Artes de Zúric, cidade na que reside actualmente. O seu catálogo compositivo abrangue obras para danza, cine, videoxogos e tamén, música electrónica.

TAU, tal e como explica a propia Goás, “toma como punto de partida a idea de condensación: un proceso no que o material sonoro se transforma, pasando do borroso ao definido. A peza constrúese a partir dunha célula mínima que evoluciona gradualmente, xerando diferentes texturas e densidades dentro da orquestra. Ao longo do seu desenvolvemento, o material inicial expándese, frágmen-tase e reconfigúrase, mantendo unha tensión constante entre movemento e quietude. As capas instrumentais superpóñense e disólvense, configurando un espazo no que a forma xorde do propio comportamento do material”.

A segunda obra do programa leva por título *Clara* e é da autoría de Gabriela Ortiz, compositora nada en Cidade de México en 1964 no seo dunha familia musical, xa que os seus pais eran membros do grupo tradicional mexicano Los Folkloristas, co que tamén actuaría sendo unha nena, e que marcaría unha fonda influencia

no seu estilo. Formouse inicialmente en institucións do seu país como o Conservatorio Nacional de Música, a Escola Nacional de Música e a Escuela Ollin Yoliztli e posteriormente, trasladouse a Europa para estudar nas prestixiosas institucións londinienses Guildhall School of Music and Drama e na City University of London, onde se doutorou en Composición e Música electroacústica. A súa traxectoria está cargada de importantes éxitos e galardóns como o Premio Nacional de Ciencias e Artes de México (2016), a Medalla de Oro de Bellas Artes a la Creación Artística (2022) ou, neste mesmo ano, os tres premios Grammy pola súa obra *Revolución Diamantina*. Ademais, as súas composicións son interpretadas con frecuencia polas orquestras máis importantes do panorama internacional: Filharmónica de Berlín, Filharmónica de Nova York, Filharmónica de Os Ánxeles ou a Sinfónica da BBC. No seu estilo destaca a fusión de mundos sonoros ben distintos, xa que conviven trazos da música tradicional mexicana, das vangardas europeas, así como elementos multimedia, sendo características as texturas sofisticadas e un uso complexo do ritmo. As súas composicións –nas que aborda temas de ac-

tualidade como o racismo, sexismo, migracións ou globalización– abarcan música orquestral, de cámara, solista e colaboracións para danza, teatro e cine. Entre elas, as máis salientables son: *Altar de muertos*, para orquestra; a ópera *Únicamente la verdad*; *Exilios* (dedicada aos republicanos españois refuxiados en México) para cuarteto de corda e frauta; ou o concerto para violonchelo *Dzonot*. Na actualidade é profesora titular da Facultade de Música da Universidad Nacional Autónoma de México e compositora residente no Carnegie Hall, a Orquestra Sinfónica de Castela e León e o Instituto Curtis de Música.

Clara foi composta en 2021 e estreada o 3 de marzo de 2022 con Gustavo Dudamel e a Filharmónica de Nova York. O director venezolano encargoulle a Ortiz unha obra que se baseara na relación entre os compositores Clara Wieck e Robert Schumann que a autora explica así: “A miña idea orixinal era transferir a un cadro efémero os sons internos de cada un sen intentar ilustrar ou interpretar, senón simplemente expresar e crear a través do meu oído a expresividade e a forza única das súas personalidades complexas, pero tamén

fascinantes”. A peza estrutúrase en cinco partes que se interpretan sen interrupción e que levan por título: ‘Clara’, ‘Robert’, ‘A miña resposta’, ‘O subconsciente de Robert’ e ‘Sempre Clara’. Nela, a compositora establece unha idea circular do tempo onde o pasado (Clara e Robert) e o presente (ela mesma) conversan, coñécense e atópanse, especialmente no movemento central, no que a compositorra sinala dous obxectivos: “primeiro, traer a Robert e Clara ao meu propio mundo, un dunha forza rítmica e un color característicos da miña linguaxe, da vitalidade única nada das entrañas da terra da que proveño; e segundo, explorar unha cita considerada moi controvertida, na que Clara escribiu: “unha vez crin que posuíamos talento creativo, pero abandonei esta idea, unha muller non debe desexar compoñer, nunca houbo unha capaz de facelo, debería esperar eu ser a elixida?”. Musicalmente aparecen dous materiais principais: unha secuencia rítmica breve que funciona como *leitmotiv* ou *idée fixe*, que supón un fío condutor entre as secuencias que corresponden a cada un dos artistas, e un tema melódico interpretado polo óboe que representa o mundo privado de Clara.

O broche final ao relato desta noite é a *Sinfonía núm. 3 en Mi bémol Maior, Op.97 “Renana”* de Robert Schumann (1810-1856), un dos grandes compositores do Romanticismo musical. Inicialmente dirixiu os seus esforzos a consolidar unha carreira como virtuoso do piano, formándose con Friedrich Wieck, quen sería logo o seu sogro, despois do seu casamento coa brillante pianista e compositora Clara Wieck. Unha desgraciada lesión nun dedo da man dereita, seguramente motivada polo emprego dun artefacto inventado polo propio Schumann para gañar independencia no anular, levouno a reconducirse cara a composición e outras facetas como a pedagogía ou a crítica musical. Ao longo da súa vida o compositor sufriu graves problemas mentais e rematou os seus días ingresado nun centro psiquiátrico. O máis destacado da súa produción son sen dúbida as obras para piano e os ciclos de *lieder*, porén as súas catro sinfonías forman parte habitual das programacións orquestrais.

Hoxe escoitaremos a *Sinfonía núm. 3* escrita en 1850 en Düsseldorf (onde se trasladara para ser director musical do Allgemeine Musikverein), e es-

treada o 6 de febreiro de 1851 baixo a batuta do compositor, dous meses despois de ser rematada en tan só cinco semanas de traballo. A idea que se atopa detrás desta sinfonía é a evocación da contorna e o folclore do río Rin, e de feito o compositor pensara inicialmente para ela o subtítulo: “Episodio dunha vida na beira do Rin”. A obra iniciouse despois dunha viaxe que o matrimonio Schumann fixo a través do devandito río, no que recalaron en cidades como Colonia e deu lugar a unha das paisaxes musicais máis importantes do Romanticismo. Aínda que figura como terceira sinfonía, foi a última que Schumann escribiu (é dicir a cuarta) e está estruturada en cinco movementos, que rompen en certa medida co esquema clásico habitual en catro (e que xa atopamos na *Pastoral* de Beethoven, un dos seus claros referentes): *Lebhaft* (Vivo), *Sehr mässig*, *Nicht Schnell*, *Feierlich*, *Lebhaft*.

O primeiro movemento é un *Allegro* en forma sonata: unha exposición de dous temas contrastantes – Tema A (longa melodía de espírito impetuoso, vital e xubiloso) e Tema B (máis breve e interpretado polo óboe e clarinete coa resposta dos violíns e as

madeiras, unha especie de canción popular)–; desenvolvemento dos temas anteriores (con cambio de carácter dalgún deles) e recapitulación. A continuación unha longa coda con importantes contrastes dinámicos e liderada por trompas e trompetas. Destaca a ambigüidade rítmica en todo o movemento, motivada pola presenza de hemiolias.

No segundo e terceiro movementos destaca o espírito popular co que quixo impregnar a obra o seu autor. O segundo, *Scherzo*, ía titularse “A mañá no Rin”, título que finalmente foi desbotado. Trátase dun *Ländler*, unha especie de valse lento de raíz popular e campesiña. A melodía principal é introducida por fagotes, violas e violonchelos e logo aparece un contratema. No trío, as trompas e as madeiras interpretan unha cantilena. A melodía inicial volta e logo os dous temas combínanse. O terceiro é un lento delicado cun carácter bastante mendelssohniano, unha especie de canción lírica con dous temas.

O cuarto movemento contrasta claramente co resto da sinfonía. Baixo a indicación “solemnemente” e escrito nunha tonalidade bastante escu-

ra (Mi b menor), consiste nun coral para instrumentos de metal de ton dramático, no que sobresaí o papel dos tres trombóns. Clara recoñecía nunha carta escrita a Brahms o seu desconcerto por este movemento: “Robert escribiu unha nova obra increíble, pero ten un movemento que non chego a comprender (...)”. Algúns estudosos sinalan que os seus problemas mentais comezaban a dar os primeiros síntomas e outros cren que a inspiración foi unha cerimonia de ordenación dun cardeal (arcebispo Geissel) que presenciaron na catedral de Colonia que se consagrara uns anos atrás en 1842.

O último movemento supón un contraste co anterior e retoma o carácter do primeiro. Algúns autores sinalan

que seguramente se inspirou nun festival a carón do Rin. Os temas son ledos, enérxicos e bailables, cun abundante uso da sincopa e os acentos a contratempo. Aparece unha alusión ao tema do coral do cuarto movemento, pero bastante modificado. Finalmente, unha coda espectacular pecha a sinfonía de maneira xubilosa.

En suma: un concerto para disfrutar cun tándem musical de altísimo nivel, o matrimonio Schumann, restituíndo á súa vez a figura de Clara, quen por vicisitudes da historia e do contexto quedou marxinal á sombra do seu marido, ao lugar que merece e que nos últimos anos ven sendo recoñecido.

Carme Tubío Barreira

PRÓXIMO CONCERTO

CINEUROPA – SING-SING
(V.O. con subtítulos en castelán)

XOVES 20 NOVEMBRO
VENRES 21 NOVEMBRO (#ENFOCO)
Auditorio de Galicia, 20:30 h

Greg Kwedar, director do filme

Bryce Dessner, compositor da banda sonora

Ben Voce, director convidado

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo
das Nacións, s/n
15705 Santiago
de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

981 571 026 | 981 573 979
981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org

compostelacultura.gal

INSTAGRAM

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.instagram.com/realfilharmoniadegalicia)

[@compostelacultura](https://www.instagram.com/compostelacultura)

FACEBOOK

[RealFilharmoniadeGalicia](https://www.facebook.com/RealFilharmoniadeGalicia)

[CompostelaCultura](https://www.facebook.com/CompostelaCultura)

X

[@CCultura](https://www.x.com/CCultura)

TIKTOK

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.tiktok.com/@realfilharmoniadegalicia)

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA



Compostela
Cultura